ANEXO 4. ESTUDO DA PAISAXE

Firmado digitalmente por: Miguel Piñeiro Souto - 34898275F
Motivo: Plan Especial de Reforma Interior núm.2 PERI-2 "Casas dos Mestres" do PXOM de Carballo (expte 2021/U035/000001). Documento de aprobación definitiva. Pleno municipal, sesión 10/22 ordinaria de 31/10/2022 (punto 2 da acta de sesión). Concello de Carballo (A Coruña). O Secretario municipal.

ANEXO 4. ESTUDO DA PAISAXE

1. ESTUDO DA PAISAXE 1

1.1. ENCADRE XERAL. O CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA 1

1.2. IDENTIFICACIÓN DE ELEMENTOS SINGULARES 2

1.3. ANÁLISE DAS VISIBILIDADES 3

1.4. IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS 4

1.5. ESTUDO DA PAISAXE URBANA 6

1.5.1. TIPOS DA PAISAXE URBANA 6

1.5.2. INTEGRACIÓN TOPOGRÁFICA DA PROPOSTA 7

1.5.3. IDENTIFICACIÓN DE ELEMENTOS RELEVANTES DA PAISAXE 8

1.5.4. ANÁLISE DE CONEXIÓNS E CONTINUIDADE VISUAL 9

1.5.5. OBXECTIVOS PAISAXÍSTICOS DA PROPOSTA DO PLAN ESPECIAL 9

1. ESTUDO DA PAISAXE

1.1. ENCADRE XERAL. O CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

A complexidade da cidade vese reflectida na súa paisaxe. Nesta paisaxe enténdese a evolución da cidade, a forma de vida dos seus habitantes, a súa preocupación polo medio, a presión urbanística, e a normativa de aplicación. Este estudio pretende analizar o entorno do ámbito do Plan Especial, tratando de entender a natureza multilateral do núcleo urbano de Carballo.

O municipio de Carballo encádrase na grande Área Paisaxística Chairas e Fosas Occidentais, dentro do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Grandes Áreas Paisaxísticas. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia

A Grande Área Paisaxística (GAP) Chairas e Fosas Occidentais sitúase na esquina noroeste da Comunidade Autónoma. Dentro de esta GAP, o núcleo urbano de Carballo sitúase na comarca paisaxística de Bergantiños, sendo o núcleo central da comarca a nivel de servizos e infraestruturas.

A comarca paisaxística de Bergantiños conta principalmente con solos destinados a cultivos e prados, contando con especies arbóreas, así como unha importante masa forestal. A zona do núcleo urbano se caracteriza por contar cunha litoloxía formada a base de anfibolitas, contando en xeral a comarca con solos granitoides e xistos.

Tipograficamente, a comarca está formada polo val do río Anllóns, en dirección este – oeste, cunha altitude media entre os 50 e 100 metros.



Comarca Paisaxística Bergantiños. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia

1.2. IDENTIFICACIÓN DE ELEMENTOS SINGULARES

En canto aos espazos naturais, destaca o ámbito do río Anllóns, delimitado dentro da Rede Natura 2000 como Zona de Especial Conservación e como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, e que inclúe o trazado ao seu paso polo núcleo urbano de Carballo.

En canto aos valores paisaxísticos do entorno do núcleo urbano, destacan os solos de alta capacidade produtiva agraria que conforman a maior parte da superficie do val do río Anllóns, en especial dedicados a produción de Pataca de Galicia. Conta con un manancial catalogado no centro do núcleo urbano, así como explotacións mineiras inventariadas no censo mineiro de Galicia, no entorno do núcleo urbano.

Existe ao sur do núcleo urbano un recorrido panorámico PR-G 142 Rota das Férvedas, que recorre diferentes vales das parroquias da metade sur do termo municipal.

En canto aos valores patrimoniais, en Carballo existe unha importante rede parroquial que conforma a estrutura básica do municipio, destacando especialmente desde o punto de vista patrimonial das súas igrexas e cemiterio. Dentro do núcleo urbano de Carballo no existe ningún elemento BIC, nin ningún trazado de carácter histórico.

No núcleo urbano de Carballo existen numerosas edificacións e elementos arquitectónicos catalogados no PXOM vixente. Destacar especialmente tres bens catalogados que se sitúan nas proximidades do ámbito do presente Plan Especial, sen verse afectado pola súa contorna de protección. Os tres bens son os seguintes:

CP-0715 Vivendas Grupo San Juan

CP-0718 Fonte da Casa dos Mestres

CP-0719 Fonte no Colexio da Praza de Vigo

1.3. ANÁLISE DAS VISIBILIDADES

O núcleo urbano de Carballo configúrase como o espazo de maior exposición visual de todo o tramo medio do val do río Anllóns. O ámbito do plan especial conta cunha visibilidade media baixa dentro do conxunto do casco urbano.



Visibilidade Estratéxica Maior Exposición Visual. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia

Visibilidade Estratéxica dende zonas con maior potencial de vistas. Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia

1.4. IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS

Os impactos paisaxísticos na contorna do ámbito do Plan Especial, son principalmente tres:

- A discontinuidade da edificación, provocando a aparición de numerosas medianeiras de edificios vistas, algunhas sen revestimento exterior, o que proporciona unha imaxe inacabada do núcleo urbano, a pesar da súa compactación e densidade. Isto está provocado por un desenvolvemento urbano que apostou en períodos pasados excesivamente polo desenvolvemento de tipoloxías en altura, que se mesturan con outras tipoloxías edificatorias máis tradicionais e de menor altura.

- Unha urbanización con materiais duros e pouco drenantes, con moi poucos elementos vexetais e xardinería, o que provoca unha calidade ambiental moi baixa do espazo público existente.

- Unha excesiva densidade edificatoria, caracterizada por un tecido urbano de carácter residencial moi compacto, con escaso espazos libres e de pouca calidade. Este impacto é especialmente relevante na contorna do presente plan especial, xa que estamos nun barrio caracterizado polo desenvolvemento urbanístico da década dos 70, no que predominou de xeito excesivo a edificación en altura tomando como base a estrutura urbana existente, sen apertura de novos viais nin de espazos libres necesarios para un axeitado desenvolvemento das actividades de lecer da poboación.

A continuación se inclúen unhas imaxes que recollen os principais impactos sinalados. En vermello se sinalan as medianeiras existentes e en verde os únicos elementos vexetais existentes no espazo público e no viario.

Vista da rúa Vázquez de Parga cara o centro urbano

Vista da rúa Vázquez de Parga cara o polígono de Bértoa

Vista da intersección entre as rúas Mendel e Laracha

Vista desde a avenida do Ambulatorio cara ao ámbito do Plan Especial

Na seguinte imaxe se amosa un esquema dos espazos libres existentes en verde máis escuro, e os previstos polo planeamento aínda sen desenvolver, en cor verde máis claro:

Esquema de Espazos Libres existentes e previstos polo planeamento

1.5. ESTUDO DA PAISAXE URBANA

1.5.1. TIPOS DA PAISAXE URBANA

O ambiente urbano do núcleo de Carballo presenta características propias derivadas de cada un dos períodos de desenvolvemento que conforman os diferentes barrios e zonas diferenciadas.

O ámbito donde se sitúa o presente Plan Especial, está vertebrado polo trazado da estrada autonómica AC-552, coñecida como estrada de Bértoa e denominada rúa Vázquez de Parga no seu treito máis urbano, que sirve de acceso ao núcleo urbano desde a vertente nordeste, desde os concellos de A Laracha e Arteixo.

O tecido urbano máis característico desta zona está formado por edificación en altura, acaroadas, en formación de mazá pechada. A pesar disto, a maior parte dos quinteiros están sen consolidar, mesturando este tipo de edificacións con outras más tradicionais e de menor altura.

TIPOLOXÍA DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRA. MAZÁ COMPACTA. ANOS 70 - 80

TIPOLOXÍA DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRA. MAZÁ COMPACTA. ANOS 90 – 2000

TIPOLOXÍA DE EDIFICACIÓN ILLADA TRADICIONAL

1.5.2. INTEGRACIÓN TOPOGRÁFICA DA PROPOSTA

Como se sinala na memoria xustificativa do presente plan especial, o criterio fundamental da proposta é o de rematar as medianeiras existentes, dispondo as zonas de maior altura adxacentes a ditas medianeiras, liberando a fronte á rúa Darwin e a intersección coa rúa Vázquez de Parga, dispondo unha zona denominada “Praza” que se configura como o acceso principal ao equipamento.

Esta organización xeral vai aparellada a unha axeitada implantación da proposta na topografía, resolvendo coa edificación o desnivel existente entre as rúas Vázquez de Parga e a rúa Mendel. Deste xeito, o espazo central da praza se dispón a cota +122, con acceso principal desde a rúa Vázquez de Parga e accesos laterais desde a rúa Darwin. As zonas 1 e 2 se dispoñen á mesma cota, con accesos desde a praza central. En cambio, as zonas 3 e 4 se dispoñen a cota +118, con acceso pola planta baixa desde a rúa Mendel, pero permitindo o acceso desde a praza central na planta primeira destas dúas zonas. Na planta baixa destas dúas zonas se plantea no presente plan especial, a modo indicativo, a disposición dunha área de aparcamento con acceso directo desde a rúa Mendel, que podería completarse ocupando a zona baixo rasante da praza, e evitando as escavacións e os excesivos movementos de terra.

Polo tanto, resulta unha edificación escalonada, que se adapta á trama urbana existente, mellorando as condiciones de soleamento e facilitando a accesibilidade de tódalas súas zonas, tal e como se amosa no seguinte esquema:





Sección transversal da proposta do Plan Especial sobre o terreo existente

1.5.3. IDENTIFICACIÓN DE ELEMENTOS RELEVANTES DA PAISAXE

O ámbito do plan especial abrangue unicamente unha parcela dentro do solo urbano consolidado de Carballo, motivo polo cal os elementos relevantes que conforman a paisaxe da contorna é moi limitado.

De tódolos xeitos, é necesario destacar a existencia de dous elementos que conforman a base paisaxística sobre a que se asenta a parcela. En primeiro lugar, como xa se comentou en puntos anteriores, destacar que o propio casco urbano, caracterizado por un tecido edificatorio de alta densidade, forma o elemento máis relevante do ámbito. Este tecido edificatorio xa se describe en puntos anteriores, sendo un elemento característico do ámbito a existencia de numerosas medianeiras.

En segundo lugar, a situación da parcela dentro do casco urbano ten unha posición de borde, polo que tamén xorde coma elemento relevante da paisaxe da contorna o conxunto de prados e masas forestais do entorno do Rego da Balsa, que discorren pola marxe noroeste do ámbito do plan especial.

Este entorno vai ter especial importancia na composición volumétrica da proposta de ordenación do plan especial, co obxectivo de abrir as vistas cara este espazo, xa que é o único espazo de calidade ambiental existente e que vai axudar a mellorar a calidade espacial do espazo urbano.

Elementos base da Paisaxe do entorno do ámbito do Plan Especial

1.5.4. ANÁLISE DE CONEXIÓNS E CONTINUIDADE VISUAL

En relación ao punto anterior, destacar que a proposta ten en conta os elementos vertebradores da paisaxe do ámbito do plan especial, polo que a peza edificatoria ordenada no plan especial vaise configurar coma un elemento de conexión entre o tecido urbano existente na marxe leste (denso e sen espazos libres destinados á cidadanía) e o conxunto de praderías e masas forestais do entorno do rego da Balsa, na marxe oeste.





Sección lonxitudinal Rego da Balsa – Casco Urbano

Polo tanto, a conexión centro (edificado) e periferia (espazos naturais e masas forestais) vai ser imprescindible na configuración da proposta, así como a apertura das vistas cara a marxe oeste, convertendo a parcela de Casas dos Mestres nunha fenda dentro do continuo urbano da rúa Vázquez de Parga, que axude a romper a linealidade desta vía e mellore a calidade ambiental da mesma.

1.5.5. OBXECTIVOS PAISAXÍSTICOS DA PROPOSTA DO PLAN ESPECIAL

A modo de resumo, vanse recoller os obxectivos de carácter paisaxístico da proposta do Plan Especial de Casas dos Mestres, en base a análise realizada nos puntos anteriores, e xustificar deste xeito, a adaptación do plan aos condicionantes paisaxísticos analizados.

Destacando o carácter marcadamente urbano da proposta, xa que consiste na ordenación dun equipamento de usos múltiples destinados a asociacións sen ánimo de lucro municipais, procédese a enumerar os tres obxectivos principais desde un punto de vista paisaxístico:

- Remate das medianeiras existentes, consolidando o tecido urbano existente e adaptándose ao xa edificado.

- Creación dunha praza pública, que aumente o espazo destinado ao peatón, cunha urbanización máis vexetal e con pavimentos máis brandos e drenantes.

- Configuración da proposta como espazo de conexión entre o tecido urbano consolidado e os espazos periféricos de carácter rústico e forestal, mediante a apertura da edificación cara o leste e a adaptación topográfica da proposta mediante a disposición de diferentes plataformas de referencia, e adaptando volumétricamente a edificabilidade permitida.

Con todo isto, xustificase que a proposta mellora a calidade paisaxística do entorno urbano do ámbito do plan especial, recoñecendo e minimizando os impactos paisaxísticos existentes, e adaptándose dun xeito racional e ordenado á realidade construída e a topografía.

Carballo, outubro de 2022

Por FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P., los arquitectos.

Fdo.: Álvaro Fernández Carballada

Fdo.: Beatriz Aneiros Filgueira